

AVOGACÍA COMPOSTELÁ

Nº 14 Decembro 2014
Exemplar gratuito



Ilustre Colexio de Avogados
de Santiago de Compostela

**Valentín García,
secretario xeral
de Política Lingüística
da Xunta de Galicia**

**«O Colexio de Avogados
de Santiago foi pioneiro no
interese pola normalización
lingüística e parece que vai
abrindo camiño»**

ENTREVISTA



**Manuel Hernández
Avogado e
ex-decano do
ICA Sabadell**

RESUMO COLEXIAL 2014



**O Colexio, clave
na defensa do
partido xudicial
de Santiago**

NOVAS DA AVOGACÍA

**-Arzúa, Negreira, Ordes
e Padrón pasan a integrarse
definitivamente no Colexio
de Avogados de Santiago**
**-Convenio con Cáritas para
asesorar os internos da
prisión de Teixeiro**



Piensa en tu futuro

Haz ahora tus aportaciones extraordinarias al Plan Universal

Ahorra impuestos

en tu próxima declaración de la renta

y benefíciate

de su excelente rentabilidad

Previsión Social Profesional

Reduce hasta 12.500 €¹
A partir de 2015, solo 8.000 €
+
6.431,44 € adicionales
en el Sistema de Previsión Social Profesional
como gastos de la actividad

Previsión Personal

Ahorro Sistemático

Aporta hasta 8.000 € anuales
y los rendimientos
quedan exentos de
tributación²

Ahorro Flexible

Sin límite
de aportación

**Con la estabilidad y solvencia
de la Mutualidad de la Abogacía**

5,55%

**Rentabilidad media
del Plan Universal³**

www.mutualidadabogacia.com



Para más información llama al **914 35 24 86** o envía un correo a buzon@mutualidadabogacia.com

1. Hasta 10.000 € menores de 50 años. A partir de 2015, solo se podrá reducir hasta 8.000 € (según proyecto de ley de Reforma Fiscal de 6/8/2014). Estos límites son en conjunto de los Sistemas de Previsión Social Profesional y Sistema de Previsión Personal y el resto de planes de pensiones que tengas.

2. 240.000 euros en el total de la vida del Plan. Además, para quedar exentos de tributación, deben haber transcurrido desde la primera aportación hasta el momento de la percepción de la prestación al menos 10 años y el capital ahorrado debe ser constituido como una renta vitalicia.

3. Media desde el 2005, año de su creación. Rentabilidad del Plan Universal al cierre del 2013, 5,30%.



Avogacía Compostelá

Dirección

Evaristo Nogueira Pol



Secretaría técnica

Manuel Arza Galán



Asesoramento lingüístico

Martín Ramos Insua



Consello de redacción



Timoteo Gutiérrez Valerio

M^a Luisa Pasín Mato



Patricia López Arnos

Javier Sánchez-Agustino



Noemí Peteiro Pereda

Paulo López Porto



José R. Oulego Erroz

M^a del Mar Vivero Vizoso



Javier Constenla Vega

Manuel F. Martín García



Adrián García García



www.icasantiago.org

Editorial	4
Novas da avogacía e Mutualidade	5
• Arzúa, Negreira, Ordes e Padrón pasan a integrarse definitivamente no Colexio de Avogados de Santiago	5
• Beneficios fiscais para os mutualistas antes de xaneiro	8
• As achegas medran un 33,08 % grazas á confianza dos seus mutualistas	8
Resumo do ano	9
• O Colexio de Avogados, en defensa do partido xudicial e dos dereitos dos cidadáns	9
Entrevista	12
• Manuel Hernández, avogado	12
Colaboración	16
• A «imposible» condena penal no suposto de introdución de especies non autóctonas. Análise do artigo 333 do Código penal	16
Vida Colexial	21
• Cursos e xornadas no Colexio	21
• Festividade de San Raimundo	22
• Eleccións no Colexio de Avogados de Santiago	24
• Acordos da Xunta de Goberno e novidades legislativas	27
Ao pé da letra	28
• Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística	28
O colexio nas redes sociais	33
O colexio nos medios	34



Co patrocinio de:



XUNTA DE GALICIA

Depósito legal: C-3778-2007

Deseño e maquetación: LUPA Comunicación

O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela non se fai responsable das opinións expresadas polos seus colaboradores.



Evaristo Nogueira Pol
Decano do Ilustre Colexio
de Avogados de Santiago

Estimados/as compañeiros/as:

Finaliza o ano 2014. Un máis de crise económica, no que os cidadáns seguimos a sufrir as súas consecuencias. E todos nós, na nosa condición de letrados, somos testemuñas directas diso. Feito este constatable polo contacto directo cos nosos clientes, os cales, en boa medida nos transmiten as súas penurias, moitas veces auténticos dramas. Por esa condición de testemuñas, debemos seguir denunciando a situación pola que atravesan moitos concidadáns. A avogacía institucional debe ser voceira daquelas persoas ás que por desgraza a súa voz cae no esquecemento. Recortes en dereitos sociais, en axudas a persoas dependentes, en prestacións de desemprego..., son todas elas circunstancias que non poden nin deben esquecerse. Como non se pode esquecer o inaceptable nivel de paro que actualmente existe.

Foi un ano triste para a colectividade, non só dos avogados composteláns, tamén para o resto dos compañeiros galegos, e atreveríame sen equivocarme, para moitos de todo o Estado. Deixounos a comezos de ano o noso Decano Javier Álvarez Santullano y Pino. Era aínda novo. Tiven a oportunidade de coñecer a Javier, así como a súa familia, dende a miña infancia. Recordos por iso, moitos, que sen dúbida quedarán dentro de min. Fóisenos un bo avogado, bo decano, compañeiro e persoa. Destacaría que levou a súa cruel enfermidade coa dignidade que presidiu a súa vida persoal e profesional. Na miña mente aínda perdura a última celebración do San Raimundo. Como un campión, Javier foi dos últimos en retirarse, aínda cando a súa enfermidade cada día o debilitaba máis. Grazas, Javier, que saibas que o teu legado perdurará sempre.

Fóisenos noutro sentido, afortunadamente diferente, o noso flamante ministro de Xustiza, o Sr. Gallardon. O peor ministro de Xustiza, para o meu entender, dende a instauración da democracia no noso país. Tamén nunha reflexión persoal de quen subscribe, o ministro con máis descoñecemento da Administración de xustiza. Pouco negociador, pouco dialogante e obviamente pouco “amigo” da avogacía e da importante función que desempeñamos, derivada da Constitución española. Fracasou absolutamente coa instauración das taxas, entre outras cousas. Provocou que neste país existan dúas xustizas, para ricos e para menos podentes. Fixo dano aos cidadáns e á profesión coa brillante idea de instaurar unhas taxas desorbitadas e inxustas. Por iso só me queda no persoal desexarlle o máis próspero posible para el, pero como letrado diríalle que non volvese rexentar responsabilidades relacionadas coa Administración de xustiza. Ata logo, don Alberto.

Imos darlle tempo ao novo ministro. Reuniuse con todos os decanos de España e comentou que habería que estudar unha posible modificación das taxas. Insisto, imos dar o tempo prudencial para analizar as súas medidas en materia de xustiza.

Só me queda desexarvos a todos e a todas un próspero ano 2015 e que, pouco a pouco, vaíamos saíndo da crise económica á que facía referencia ao principio. E non esquezades que ser Avogado/a é un orgullo.

Unha forte aperta.

Decano

Arzúa, Negreira, Ordes e Padrón pasan a integrarse definitivamente no Colexio de Avogados de Santiago

No pasado mes de setembro creouse unha comisión mixta entre os dous colexios que será a encargada de organizar todo o traspaso de funcións

Tras un longo proceso de trece anos e como consecuencia de dúas sentenzas do Tribunal Supremo do pasado mes de xuño, os partidos xudiciais de Arzúa, Negreira, Ordes e Padrón pasan a integrarse definitivamente no Colexio de Avogados de Santiago.

No Estatuto xeral da avogacía do ano 2001 indícase que “nas provincias con varios colexios de avogados, cada un deles terá competencia exclusiva e excluínte no ámbito territorial que tiña ao promulgarse a Constitución española de 1978, calquera que sexa o número de partidos xudiciais que agora comprenda”.

Este artigo supoñía na práctica que Negreira, Padrón, Ordes e Arzúa debían pertencer ao Colexio de Avogados de Santiago.

O caso trasladouse ao Consello Xeral da Avogacía Española, xa que o colexio coruñés presentou alegacións ao acordado no citado Estatuto de 2001. Finalmente, déuselle a razón a Santiago. O Colexio de Avogados da Coruña recorreu contra esta decisión ante o Tribunal Superior de Xustiza de Madrid (TSXM), que en maio do ano 2007 volveu dar a razón a Santiago.

Despois, o Colexio de Avogados da Coruña acudiu ao Tribunal Supremo. No ano 2011, o Supremo rexeitou o recurso de casación interposto polo Colexio de Avogados da Coruña contra a sentenza de maio do ano 2007.

O que este ano se resolveu definitivamente era un último recurso que quedaba pendente. A Xunta de Galicia publicou no DOG os Estatutos e a nova configuración do Colexio de Avogados de Santiago tras a sentenza do Supremo en 2011 e o Colexio da Coruña pediu a suspensión desta publicación. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou no seu momento a suspensión da publicación e o tema pasou de novo ao Supremo.

Recursos desestimados

A sección sexta da Sala Contencioso-Administrativa do Tribunal Supremo, mediante dúas sentenzas dos días 9 e 10 de xuño de 2014, desestimou os recursos presentados polo Colexio de Avogados da Coruña contra a aprobación e publicación dos Estatutos do Colexio de Avogados de Santiago no *Diario Oficial de Galicia*.

Como consecuencia disto, por fin os partidos xudiciais de Arzúa, Negreira, Ordes e Padrón pasan a integrarse definitivamente na xurisdición e no ámbito territorial do Colexio de Avogados de Santiago.

No pasado mes de setembro creouse unha comisión mixta entre os dous colexios que será a encargada de organizar o traspaso de funcións e en especial de todo o que vaia referido á quenda de oficio.

Tamén se informou a todos os letrados deses partidos xudiciais acerca dos pasos que deben seguir.



Acordo sobre a asunción efectiva de competencias dos partidos xudiciais de Arzúa, Negreira, Ordes e Padrón

Tras as negociacións mantidas co ICA da Coruña, fíxase como data efectiva para asumir as devanditas competencias o 01.01.2015

Santiago tramitará tamén os expedientes de solicitude do beneficio de asistencia xurídica gratuíta que se inicien a partir do 1 de xanero

A Xunta de Goberno do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, na sesión do día 15.10.2014, tomou entre outros o acordo que se transcribe a seguir:

Ámbito territorial do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela (ICA de Santiago):

Logo de ver a sentenza do 16.06.2014 da Sala Contencioso-Administrativa do Tribunal Supremo, pola que se declara a improcedencia do recurso de casación interposto polo Ilustre Colexio de Avogados da Coruña (ICA da Coruña) contra a sentenza da Sala Contencioso-Administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do 07.07.2011, desestimatoria do recurso contencioso-administrativo contra a Orde do 10.10.2007 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que aprobaba o Estatuto do ICA de Santiago e, en particular, contra o disposto no seu artigo 2 sobre “ámbito territorial”, e tendo en conta que coa devandita resolución do TS queda sen efecto a medida cautelar de suspensión do citado artigo 2 do

Estatuto Colexial, que fora acordada mediante o auto da Sala Contencioso-Administrativa do TSXG, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade, o seguinte:

1.- Tras as negociacións mantidas co ICA da Coruña durante os dous últimos meses e dada a complexidade que comporta a asunción das xestións derivadas das competencias adquiridas sobre os partidos xudiciais de Arzúa, Negreira, Padrón e Ordes, en particular, no referido á xestión do servizo de asistencia ao detido, quenda de oficio, á emisión de ditames de honorarios en taxación de custas e xura de contas ou á tramitación de expedientes disciplinarios, **fíxase como data efectiva para asumir as devanditas competencias o día 01.01.2015**, consonte os seguintes criterios:

1.1 Altas como exercentes residentes
a) Os letrados con domicilio profesional nos catro partidos citados, **que xa estean colexiados como exercentes no ICA de Santiago**, pasarán de forma automática a situación de exercentes residentes o día 05.12.2014, sen



aplicar ningún tipo de custo económico pola tramitación correspondente. A cota correspondente á situación de Colexiado exercente residente comezará a cargarse o 01.01.2015.

b) Os letrados con domicilio profesional nestes catro partidos **que non estean Colexiados no ICA Santiago**, deberán tramitar o expediente de alta como Colexiados exercentes residentes antes do día 05.12.2014. A cota correspondente á situación de Colexiado exercente residente comezará a cargarse o 01.01.2015.

Os Colexiados que non tramiten a alta antes do 05.12.2014 non poderán formar parte das listas de asistencia da quenda de oficio, listas de contadores, administradores concursais, etc., que se confeccionen desde a secretaría do ICA de Santiago de cara ao ano 2015.

1.2 Expedientes de Xustiza Gratuíta

O ICA de Santiago tramitará os expedientes de solicitude do beneficio de asistencia xurídica gratuíta que se inicien a partir do 01.01.2015 e as asistencias ao detido que se presten a partir desa mesma data.

Os asuntos iniciados con anterioridade ao 01.01.2015, tramitados desde o ICA da Coruña e resoltos pola Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta da Coruña, deberán ser xustificadas ante o ICA da Coruña ata o remate do procedemento en todas as súas instancias, dado que se xustifica co número de

xustiza gratuíta asignado pola comisión da Coruña.

elCorreoGallego.es

NEGREIRA, PADRÓN, ORDES Y ARZÚA

●●● Dos sentencias de la sección sexta da Sala Contencioso-Administrativa del Tribunal Supremo, de los días 9 y 10 de junio de 2014, desestimaron los últimos recursos presentados por el Colegio de Abogados de A Coruña y, como consecuencia de esto, de manera definitiva los partidos judiciales de Arzúa, Negreira, Ordes y Padrón pasan a integrarse en la jurisdicción y el ámbito territorial del Colegio de Abogados de Santiago. Ya está en marcha una comisión mixta entre los dos colegios de abogados que será la encargada de organizar el traspaso de funciones y en especial todo lo referido al turno de oficio. “Unos 100 profesionales más pasan a formar parte del Colegio de Santiago, por lo que queremos atender correctamente todas sus necesidades y darles los servicios que requieren”, asegura Evaristo Nogueira. El decano de los letrados de la capital gallega afirma que las relaciones entre los colegios de Santiago y A Coruña atraviesan actualmente una etapa de cordialidad y colaboración absoluta. “Para nosotros, el final de este largo proceso supone incrementar nuestro prestigio y nuestro ámbito de actuación”, añade Nogueira.

1.3 Ditames de honorarios en taxación de custas e xura de contas

O ICA de Santiago asumirá esta competencia a partir do 01.01.2015 nos procedementos xudiciais (ou instancias deses procedementos) iniciados a partir desa data.

1.4 Queixas, dilixencias de información previa e expedientes disciplinarios

O ICA Santiago tramitará as queixas que se presenten a partir do 01.01.2015 e que, de ser o caso, dean lugar á apertura de dilixencias de información previa ou expedientes disciplinarios. A tramitación das queixas presentadas con anterioridade ao 01.01.2015 será competencia do ICA da Coruña.

1.5 Traslado doutros expedientes ou asuntos

Calquera expediente ou asunto que se reciba no ICA Santiago e que sexa contrario aos presentes criterios (de tramitación anterior ao 01.01.2015) será remitido de oficio ao ICA da Coruña.

2.- Remitir unha copia do presente acordo á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; ao Ilustre Colexio de Avogados da Coruña; aos xulgados decanos dos partidos xudiciais de Arzúa, Negreira, Ordes e Padrón, así como aos Colexiados afectados, aos concellos e aos cuarteis da Garda Civil destes partidos.



Beneficios fiscais para os mutualistas antes de xaneiro

Aínda que cada vez as achegas extraordinarias se reparten máis ao longo do ano, en novembro e decembro prodúcese un incremento significativo das operacións sobre o Plan Universal. Este Plan Universal é un instrumento seguro e rendible para aforrar impostos. Ademais, destaca pola súa rendibilidade, cuxa media anual para o mutualista dende 2005 foi do 5,55% e ao peche do 2013, do 5,30%. Existe un límite anual de achega a estes sistemas de forma conxunta e a redución da base imponible no IRPF ten unha limitación segundo a idade do mutualista e a súa renda.

O máximo de redución anual (desgravación) por achegas ao Plan Universal é de 10.000 euros (8.000 en Navarra) ata 50 anos de idade ou 12.500 euros a partir de 50 anos de idade cumpridos antes do 31/2012. No País Vasco pódense achegar 6.000 euros ata os 52 anos, que se poden ir incrementando en 500 ata os 12.500 aos 65 anos (en Guipúscoa, 5.000 euros ata os 68 anos).

A partir de 2015, só se poderá reducir ata 8.000 euros no conxunto dos

Sistemas de Previsión Social Profesional e Sistema de Previsión Persoal e o resto de plans de pensións que teñas, segundo o proxecto de lei de reforma fiscal do 06.08.2014. Para os avogados exercentes por conta propia, que teñen a Mutuality como alternativa a Autónomos, poden deducir ata 6.431,44 euros adicionais como gasto da actividade profesional (aplicable só no Sistema de Previsión Social Profesional).

Tamén se poden deducir ata 2.000 euros adicionais en plans establecidos a favor do cónxuxe, instrumentados no Sistema Persoal, sempre que non obteña rendementos netos do traballo ou estes sexan inferiores a 8.000 euros/ano.

As persoas que teñen familiares cunha discapacidade cun grao de minusvalía física ou sensorial igual ou superior ao 65%, psíquica igual ou superior ao 33% ou declarada xudicialmente con independencia do seu grao, poden facer achegas de ata 10.000 euros ao Sistema de Previsión Persoal. O conxunto de familiares, incluído o propio discapacitado, pode achegar como máximo 24.250 euros.

As achegas medran un 33,08 % grazas á confianza dos seus mutualistas

As achegas dos mutualistas ascenderon, a 30 de xuño de 2014, a 256 millóns de euros, un 33,08% máis que na mesma data do exercicio anterior, grazas á boa marcha das achegas extraordinarias, as contratacións de novos seguros de rendas vitalicias remuneradas e achegas ao Sistema de Aforro Flexible do Plan Universal.

Tamén se incrementou o número de mutualistas, alcanzándose ao finalizar o semestre os 183.497 afiliados.

Así mesmo, ao peche do primeiro semestre de 2014, o volume de aforro xestionado pola Mutuality da Avogacía

superaba os 4.400 millóns de euros, o que supón un 7,58% máis con respecto ao peche do exercicio anterior.

Por outra parte, os resultados ou excedente situouse a 30 de xuño nos 7,2 millóns de euros, co que os fondos propios se elevan a 220 millóns de euros ao peche do primeiro semestre, un 3,39% máis que ao peche do exercicio anterior.

O volume dos investimentos superou ao peche do primeiro semestre os 5.132 millóns de euros (443 millóns en inmobles e 4.689 millóns en activos financeiros).



O Colexio de Avogados, en defensa do partido xudicial e dos dereitos da cidadanía

Os avogados de Compostela lideraron unha fronte común na cidade para defender as competencias xudiciais da capital galega

A institución colexial, presente na histórica manifestación de avogados de toda España en contra de leis que minguan os dereitos dos cidadáns

A Xustiza española viviu de novo un ano convulso e difícil, que rematou coa dimisión do ministro Alberto Ruiz-Gallardón no pasado mes de outubro. Como xa pasou no 2013, o Colexio de Avogados de Santiago fixo unha oposición activa ás leis que poñen en dúbida a tutela xudicial efectiva, mostrando unidade nas reivindicacións e participando na histórica manifestación de letrados do 24 de xullo polas rúas de Madrid.

Xa na súa intervención na festividade de San Raimundo de Peñafort, no mes de xaneiro, o decano Evaristo Nogueira ratificouse, en nome do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela e como adxunto á presidencia do Consello Xeral da Avogacía, no compromiso da avogacía para seguir coa loita emprendida ante a promulgación de leis que vulneran principios fundamentais da cidadanía, especialmente a das taxas xudiciais.

“Estaremos vixiantes tamén a leis como a de seguridade privada, lei esta especialmente criticable por posibles vulneracións de dereitos individuais, e á Lei de demarcación xudicial, que pretende que cidades como a capital de Galicia quede nun segundo plano dentro do organigrama da xustiza e, en definitiva, de todas aquelas leis que dun xeito ou outro vulneren dereitos individuais ou colectivos”, engadiu Nogueira.

No mes de abril, o Consello de Ministros aprobou o anteproxecto de Lei orgánica do Poder Xudicial (LOPX) e o Colexio de Avogados compostelán advertiu de forma inmediata que

“a súa aplicación suporía un retroceso de cincuenta anos”. O texto planeaba a creación dun Tribunal Provincial de Instancia (TPI) con sede oficial na Coruña, co que Santiago quedaría relegada, no mellor dos casos, ao que o anteproxecto denomina sede desprazada, dependente da cabeceira. Ademais, o Colexio de Santiago avisou de que “desaparecería a sección da Audiencia Provincial en Compostela, asumindo as súas competencias o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG)”.



Inaceptable

"É unha formulación **i n a c e p t a b l e**, Santiago é a capital de Galicia e necesita pola súa singularidade e excepcionalidade tribunais de instancia propios, a cidade non pode perder competen-

cias nin órganos xurisdiccionais en materia civil, penal, social e contencioso-administrativa, non podemos renunciar a conquistas de varias décadas", sostivo o decano dos avogados de Compostela nun comunicado enviado aos medios de comunicación.

Nogueira sinalou, así mesmo, as consecuencias en materia de apelación "de perder a sección da Audiencia Provincial en Santiago". "Sería un despropósito que estou seguro que nin a Xunta de Galicia nin o Concello compostelán permitirán", abundou. Así, os avogados da capital galega fixeron un chamamento "a todos os poderes públicos e aos representantes sociais da cidade" para que defendan "de forma enérxica a identidade específica e as



numerosas peculiaridades de Santiago".

O Goberno ten que ter en conta a nosa excepcionalidade durante o proceso de tramitación do proxecto de lei", apostilou. "Santiago é sede da Xunta, temos a universidade, numerosos organismos e o partido xudicial inclúe tamén a Teo Boqueixón Ames e Vedra", "polo que estamos a falar dunha cidade que non pode permitirse perder ningún tipo de competencia", concluíu Nogueira.

Un mes de xullo intenso

O mes de xullo foi o máis intenso do ano para a avogacía. O Colexio de Santiago reiterou o seu chamamento "á corporación municipal e ao conxunto da capital galega para reivindicar e defender de forma enérxica" o partido xudicial de Compostela, xa que do contrario "perderíamos competencias e conquistas de varias décadas".

O chamamento tivo efecto, xa que o 18 de xullo celebrouse no Concello de Santiago unha reunión entre o alcalde, Agustín Hernández, os representantes da oposición, Francisco Reyes e Rubén Cela, e os decanos de avogados e procuradores, Evaristo Nogueira e José Paz. Todos os presentes mostraron a súa disposición para formar unha fronte común co obxectivo de defender os intereses da cidade. Os grupos políticos municipais (PPdeG, PSdeG e BNG) agradeceron o papel activo da avogacía neste tema.

O día 24 de xullo, a xunta de goberno do Colexio de Avogados de Santiago desprazouse a Madrid para participar nun feito histórico, unha concentración para mostrar o rexeitamento da profesión "ao conxunto de leis impulsadas polo Goberno que minguan os dereitos dos cidadáns e poñen en risco a tutela xudicial efectiva".

Decanos e membros das xuntas de goberno dos 83 colexios de avogados, encabezados polo presidente do Consello Xeral da Avogacía Española (CXAE), Carlos Carnicer, participaron na concentración, que reuniu máis de 700 profesionais. "Lamentamos a incapacidade para abrir unha vía de diálogo co ministro de Xustiza, Alberto Ruíz Gallardón", asegurou Evaristo Nogueira, decano dos avogados de Compostela e adxunto á presidencia do CXAE.

O presidente da Avogacía Española, Carlos Carnicer, xustificou que os asistentes á concen-

tración utilizasen a súa toga porque “é o noso traxe habitual cando estamos ante os tribunais, así acompañamos os nosos clientes aos estrados e con igual respecto e solemnidade defendemos os seus dereitos e intereses lexítimos”.

Durante a mobilización, Carnicer reivindicou unha xustiza gratuíta de calidade para os cidadáns e digna para os avogados de oficio. Esta era a principal reclamación recollida no Manifesto en defensa da Xustiza Gratuíta, que foi lido por Carnicer e ratificado polas xuntas de goberno dos 83 colexios de avogados de toda España durante a concentración en Madrid, onde tamén se mostrou o rexeitamento ante o anteproxecto de Lei de servizos e colexios profesionais e as consecuencias da Lei de taxas, entre outras normas que afectan aos cidadáns e aos avogados.

Cambios en Xustiza

No mes de outubro, dimitiu Alberto Ruiz-Gallardón, o ministro que foi capaz de poñer na súa contra a todos os axentes xurídicos do país, desde xuíces a avogados, pasando por fiscais, funcionarios de xulgados e sindicatos. Froito desta marcha, chegou un novo ministro á carteira de Xustiza, Rafael Catalá, que días máis tarde ofreceu no Pleno do Consello Xeral da Avogacía Española o seu compromiso polo diálogo e o consenso con todos os operadores xurídicos para abordar as reformas que necesita o sector.

Durante o encontro cos 83 decanos de avogados, destacou que “non imaxino ningunha reforma con garantía de éxito sen o consenso dos profesionais” que interveñen na Xustiza. Catalá anunciou a convocatoria dunha mesa sectorial para falar sobre as taxas xudiciais e o servizo de Xustiza Gratuíta. En relación co anteproxecto de Lei de servizos e colexios profesionais, o novo ministro de Xustiza mostrou o seu apoio a conseguir un texto que sexa “equilibrado e razoable, pero que salvagarde os valores, características e competencias de todas as profesións”. O ministro mostrouse favorable á liberalización e á competencia, pero sen desequilibrios e sen crear problemas onde non é necesario.

O ministro cualificou de “actividade exemplar” os servizos que prestan os colexios e, por solicitude do presidente do Consello, Carlos



Carnicer, manifestou a mesma vontade de consenso e mellora noutros proxectos de lei como a Lei orgánica do poder xudicial, o Estatuto das vítimas ou a Lei de xurisdición voluntaria.

Os próximos meses tamén serán moi intensos, coincidindo ademais con varias convocatorias electorais. Polas últimas declaracións do ministro e do propio presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, semella que o partido xudicial de Santiago non corre perigo, pero as dúbidas mantéñense arredor das taxas xudiciais, dos cambios na xustiza gratuíta ou no anteproxecto de Lei de colexios. A Avogacía Compostelá manterá a súa loita no 2015 en defensa dos intereses dos cidadáns da capital galega e dos colexiados.

Manuel Hernández, avogado

«A Administración de xustiza é obsoleta, non imparte unha xustiza igual para todos e produce acotío inxustizas no medio de inaceptables atrasos»

Medalla de Ouro na categoría de Avogados na festividade de San Raimundo de Peñafort 2014, Manuel Hernández foi decano do Colexio de Avogados de Sabadell e sempre exerceu coa vocación de “defender ao máis débil e desprotexido”. Un consello para os novos? “Que crean en si mesmos e que nunca se achiquen, nin ante o caso, nin ante o avogado contrario, nin ante o xuíz”.



Pregunta: A decisión de dedicarse á avogacía, foi vocacional dende o primeiro momento?

Resposta: Cando decidín facer Dereito, foi para exercer como avogado, con vontade de defender ao máis débil e desprotexido, sen dúbida ningunha.

P: Onde comezou a exercer e que recordos ten dos seus primeiros anos como avogado?

R: Comecei a exercer como saquei a carreira, con dedicación, vontade e esforzo: primeiro traballando oito horas ao día no despacho dun avogado e estudando fóra desas horas, e logo traballando esas oito horas diarias e exercendo fóra dese horario no meu despacho, que era un cuarto do piso en que vivía,

nun barrio obreiro de Sabadell. A sala de espera era un banco de madeira no corredor de entrada. Do soldo non podía prescindir.

P: Téñeno agora os novos avogados máis complicado para empezar a exercer ou non cre que sexa así?

R: Os tempos, as necesidades e as circunstancias son sempre cambiantes, pero estou convencido de que agora, coa situación de crise actual, non o teñen máis doado ca nós e case me atrevería a soste-lo que ao contrario, que o teñen máis difícil.

P: Que consello lle daría a un novo avogado?

R: Que crea en si mesmo e que nunca se achique, nin ante o caso, nin ante o avogado contrario, nin ante o xuíz.

P: Cre que a profesión da avogacía goza do prestixio necesario entre a cidadanía?

R: A avogacía gaña ou perde prestixio co exercicio diario de todos e cada un dos avogados, e non creo que todo poidan

ser loanzas. Estou convencido de que poderíamos facer máis para que estivese mellor considerada.

P: Como ve o futuro da profesión?

R: Incerto, aínda que sinto moito dicilo. Tras os escudos de educación e da competencia, esvaecendo o rol do avogado e os colexios de avogados, parece que os poderes públicos pretenden reducir o dereito a unha defensa letrada de calidade.

P: De que se sente máis orgulloso da súa etapa como decano do Colexio de Sabadell?

R: De abrir e aproximar o colexio aos colexiados e aos cidadáns; de potenciar a escola de práctica xurídica; do recoñecemento social que obtivo o colexio con motivo do seu centenario; de zarandear os alicerces da avogacía institucional aínda que non acabase servindo para nada; de clamar dende unha atalaia privilexiada contra o mal funcionamento da Administración de xustiza; de axudar no que puiden a dignificar esta profesión e de mellorar o servizo de orientación xurídica e a queda de oficio en beneficio da cidadanía.

P: Cre que a cidadanía e os propios profesionais entenden a importancia dos colexios de avogados?

R: Estou convencido de que non. Pero tamén estou convencido de que se non o entenden é porque dende as xuntas de goberno non o soubemos poñer en evidencia.

P: Os avogados composteláns non están de acordo



con gran parte das medidas do Goberno, sobre todo no tema das taxas xudiciais, comparte esta preocupación?

R: Absolutamente. Non son o único que pensa que a maquinaria da Administración

de xustiza era e é obsoleta, está corroída, non imparte unha xustiza igual para todos e produce acotío inxustizas, no medio de inaceptables atrasos e demoras, de forma que non pode considerarse un verdadeiro servizo público para o cidadán. Por se todo iso era pouco, as taxas viñeron a sacralizar en pleno século XXI unha xustiza para ricos, mellorando as estatísticas xudiciais a base de impedir o acceso á xustiza e aos recursos aos máis desfavorecidos social e economicamente. E quérese dar outra volta de rosca afastando as sedes xudiciais dos cidadáns, prexudicando aos de sempre, aos que dispoñen de menos posibilidades.

P: Deixará de ser a xustiza algún día unha materia pendente en España? Que faría falta para conseguilo?

R: Falta vontade política, única e exclusivamente vontade política. Pero mentres o funcionamento anormal da Administración de xustiza se perciba exclusivamente como algo propio de quen o padece, e mentres a deterioración da Administración de xustiza non faga perder votos nin eleccións, esta non mellorará, por máis diñeiro que os responsables políticos gasten, ou malgasten, en equipamento, tecnoloxía ou enquisas de satisfacción cidadá.

P: A súa relación coa cidade de Santiago vén de lonxe. Cando realizou por primeira vez o Camiño e que lle provocou esa experiencia para repetila tantas veces?

«Os novos avogados non o teñen máis doado ca nós e case me atrevería a soste que ao contrario»

R: No ano 1997, e inmediatamente decateime de que o Camiño é, como a avogacía, unha escola de vida. O Camiño é esencial para coñecerse un mesmo e explorar os límites e as capacidades persoais, ou para percibir os verdadeiros impulsos e inquedanzas que moven as persoas. Igual que a avogacía.

P: Sempre o fixo camiñando?

R: A primeira vez en bicicleta, pero quedei coa sensación de que ao estar pendente do equilibrio, das pedras e dos coches, perdín moitas cousas, e quixen volver facelo camiñando. Dende 1999 sempre a pé, para percibir olores, sabores, paisaxes e sensacións. Para coñecer o Camiño e a xente do Camiño.

P: Que ruta recomenda?

R: Para comezar, o Camiño francés, a ruta das estrelas, sen ningunha dúbida. Pero para gozar do Camiño, para despois da primeira vez, calquera das outras rutas.

P: Cando o fará de novo e que ruta elixirá?

R: Xa estou a tardar demasiado! Apetéceme volver outra vez dende Fisterra e Muxía, pero tamén gozar da paisaxe solitaria que te leva e logo afasta de Oseira na Ruta da Prata / Camiño sanabrés, ou da paz que envolve o lugar onde morreu Telmo, referente de pescadores, tan lonxe do mar, no Camiño portugués, ou volver descubrir de pronto, tras unha curva do Camiño do norte, o lago que fornecía de peixes a Sobrado dos Monxes, ou cruzar a ponte de Furelos no Camiño francés, ou sentirme minúsculo na ría de Ferrol. En definitiva, que o que quero é volver facelo axiña, para saudar e compartir un anaco, un prato e un trago con peregrinos consumados como Eulogio, ou con Antonio, Ricardo, José Manuel, Rosa, Alfonso, Daniel, Paco, Flor, Silvia,



Herminio, Miguel, César, Jose Antonio, Manolo's, Fernando, Javier, Carlos, Suso, José Luis, Inma, Chus, Evaristo, Santiago e tantos outros coñecidos e amigos que me manteñen unido, sen escapatoria, ao Camiño.

P: Que sentiu cando os avogados de Santiago decidiron concederlle a Medalla de Ouro?

R: Recuperado da sorpresa, un enorme orgullo e satisfacción, por tanto camiño como fixemos xuntos pola senda da avogacía institucional para mellorar a profesión, as condicións en que a exercemos e a defensa dos dereitos dos cidadáns. E agora, pasado o tempo, un enorme agradecemento.

QUESTIONARIO PERSOAL

- **Campo ou cidade:** Campo, sen dúbida, sen demérito para Santiago de Compostela.
- **Un lugar de Galicia:** No mar Muxía, no interior Iria Flavia ou Ponte Maceira.
- **Un libro:** *Don Quijote de la Mancha*, aínda que pareza antigo.
- **Unha comida:** Un bo caldo galego despois de moitas horas camiñando con chuva e frío.
- **E para beber?** Un albariño branco das Rías Baixas moi frío.
- **Unha frase:** «Os tolos abren os camiños que máis tarde percorren os sabios» (Carlo Dossi)
- **Un personaxe histórico:** José Mújica, actual presidente de Uruguai.
- **Un sinónimo de Galicia:** A harmonía feita paisaxe.
- **Unha canción:** «Mediterráneo», de Joan Manuel Serrat.
- **Un desexo:** Facer posible o que parece utópico.

Nace unha nova maneira de entender as telecomunicacións

OpeGal Internet
Teléfono
Televisión

Adaptado a Galicia

Adaptada á túa realidade

Internet de alta velocidade para o rural

Servizo de telefonía fixa e móbil

Televisión de pago



WWW.OPEGAL.COM

A «imposible» condena penal no suposto de introdución de especies non autóctonas. Análise do artigo 333 do Código penal



José Ramón Sánchez Magariños
Avogado (colexiado 1248 do ICA de Santiago)

1. Introducción

Certo é que moitos pescadores teñen pasado bos momentos loitando con huchos no río Tormes, con siluros no Ebro ou gozando da pesca do black bass. Pero tamén é certo que a introdución de especies foráneas –en non poucas ocasións co apoio ou mesmo a participación activa da Administración– ocasionou importantes danos ao equilibrio biolóxico, afectando negativamente as especies autóctonas, levándoas, nalgúns casos, ao bordo da extinción, como aconteceu coa introdución do cangrexo americano.

As especies invasoras vanse alimentar das autóctonas ou, cando menos, van competir con elas polo alimento e polo territorio. As especies alóctonas son, asemade, unha fonte de transmisión de enfermidades e, incluso, poden chegar a afectar a pureza xenética das especies.

Ademais do dano para o medio ambiente, a introdución de especies foráneas invasoras orixina un importante custo económico. Calcúlase que as especies exóticas ocasionan un prexuízo económico para a Unión Europea superior aos 12.000 millóns de euros anuais. E a situación vaise agravando día tras día debido ao fenómeno da globalización e ao cambio climático

2. Principio de intervención mínima

O dereito penal está presidido polo principio de intervención mínima e ten un carácter

fragmentario e subsidiario. A reacción penal configúrase coma unha ultima ratio que só resulta axeitada alí onde a orde xurídica non pode ser protexida por medios menos lesivos.

Por iso a maioría das infraccións da normativa protectora da flora e fauna levará aparellada unha sanción administrativa. Mais existen condutas relacionadas con esta materia que o lexislador considera de especial gravidade e entende merecedoras dunha resposta penal. O parágrafo terceiro do artigo 45 da Constitución prevé a imposición de sancións penais no caso de infraccións contra o medio ambiente.

«Dende a entrada en vigor do Código penal de 1995, efectuáronse dúas reformas do artigo 333, que afectaron, exclusivamente, á pena a impoñer»

3. O artigo 333 do Código penal

O artigo 333 do Código penal dispón: «O que introducise ou liberase especies de flora ou fauna non autóctona, de modo que prexudique o equilibrio biolóxico, contravindo as leis

ou disposicións de carácter xeral protectoras das especies de flora ou fauna, será castigado coa pena de prisión de catro meses a dous anos ou multa de oito a vinte e catro meses e, en todo caso, inhabilitación especial para profesión ou oficio por tempo de un a tres anos».

Este artigo de, adiantemos, unha moi difícil aplicación práctica, está integrado no capítulo IV (Dos delitos relativos á protección da flora, fauna e animais domésticos) do título XVI (Dos delitos relativos á ordenación do territorio e o urbanismo, a protección do patrimonio histórico e do medio ambiente) do libro segundo do Código penal.

Trátase dunha norma penal en branco que precisa ser integrada por medio do reenvío á normativa administrativa.

3.1 Reformas

Dende a entrada en vigor do Código penal de 1995, efectuáronse dúas reformas do artigo 333, que afectaron, exclusivamente, á pena a impoñer.

- A primeira reforma deste artigo, favorable para o acusado, foi operada pola Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro. Esta reforma supuxo unha rebaixa no límite inferior da pena de prisión que impoñer, de seis a catro meses. A nova regulación entrou en vigor o día 1 de outubro de 2004.

Esta mesma reforma asenta a denominación do capítulo no que está integrado o artigo 333 como «Dos delitos relativos á protección da flora, fauna e animais domésticos».

- A reforma do Código penal, operada por mor da Lei orgánica 5/2010, do 22 de xuño, (en vigor dende o 23 de decembro do 2010) introduciu a imposición imperativa (“en todo caso”) da pena de inhabilitación especial para profesión ou oficio por tempo de un a tres anos.

Con anterioridade á citada reforma, os xuíces tamén podían impor a pena de inhabilitación para profesión ou oficio como unha pena accesoria, consonte o artigo 56.1.3º do CP. Pero, a diferenza da situación actual, tratábase dunha pena de imposición potestativa, coa limitación de duración establecida para as penas accesorias e que só podía ser aplicada cando se impuña a pena de prisión. Non cabía a súa aplicación cando a pena principal era a de multa.

A razón da imposición obrigatoria da pena de inhabilitación aos autores dun delito de introdución ou liberación de especies non autócto-



nas non aparece xustificada polo lexislador na exposición de motivos da Lei orgánica 5/2010. O carácter imperativo da imposición da pena de inhabilitación especial para cargo ou oficio é criticada de forma unánime pola doutrina, por ser contraria ao principio de proporcionalidade.

3.2 Ben xurídico protexido

Non existe unanimidade doutrinal ao respecto do ben xurídico protexido no artigo 333 do Código penal. A maioría da doutrina coincide en que o ben xurídico protexido é o medio ambiente, ben que na súa faceta relativa á flora e á fauna, ou, para ser mais exactos, a determinadas especies de flora e fauna, as especies autóctonas. Para outros autores o ben xurídico protexido é a biodiversidade ou tamén o equilibrio biolóxico.

A razón de ser da norma é a de garantir a conservación, o desenvolvemento e a pureza xenética das especies autóctonas e a de protexer o equilibrio biolóxico, evitando casos de depredación, competencia polo alimento e o territorio e, sobre todo, transmisión de enfermidades que poidan levar á extinción destas especies.

3.3 Tipo de delito

Considerando o suxeito activo do delito, estamos ante un delito dos denominados comúns. Non se esixe unha especial cualificación no suxeito. Calquera persoa pode ser o suxeito activo deste delito.

Atendendo ás formas de culpabilidade, o delito penado no artigo 333 do Código penal é un delito doloso. Non cabe a súa comisión por imprudencia.

3.4 Acción típica

A acción tipificada no artigo 333 do Código penal consiste na

introdución ou liberación especies de flora ou fauna non autóctonas.

- Introdución de especies: A teor do artigo 2 do Real Decreto 530/2013, do 2 de agosto, que regula o catálogo español de especies exóticas invasoras, a introdución de especies consiste no movemento, por acción humana, voluntaria ou accidental, dunha especie fóra da súa área de distribución natural.

Hai que sinalar que cando se trata dunha introdución simplemente accidental non entra en xogo o ordenamento penal.

- Liberación de especies: É a posta en liberdade dun xeito ilegal.

Estamos ante un delito de resultado. Para a súa consumación cómpre que se produza un resultado especificado no tipo penal. Non abonda con que se realice a actividade de introducir ou liberar as especies alóctonas; é necesario que se produza un efecto prexudicial para o equilibrio biolóxico. Sería necesaria a introdución ou liberación de espécimes dos definidos no Convenio sobre a diversidade biolóxica como especies exóticas invasoras (aquelas especies exóticas que ocasionan un prexuízo para o ecosistema e supoñen unha ameaza para a biodiversidade dun espazo).

- Concepto de flora e fauna non autóctona: O artigo 3 de Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, define as especies autóctonas como as existentes dentro da súa área de distribución natural.

Polo tanto, as especies non autóctonas serán aquelas que se introducen fóra da súa área de distribución natural (definición que coincide substancialmente co concepto de especies exóticas recollido no Convenio sobre a diversidade biolóxica).

3.5 Penalidade

Recóllese no artigo 333 do Código penal a imposición alternativa das penas de prisión ou

«Atendendo ás formas de culpabilidade, o delito penado no artigo 333 do Código penal é un delito doloso. Non cabe a súa comisión por imprudencia»

multa e a imposición obrigatoria da pena de inhabilitación especial para profesión ou oficio.

3.5.1 *Pena de prisión*: de catro meses a dous anos. Polo tanto, no suposto básico, cabe a suspensión da pena imposta sempre que se tratase de un delincuente

primario e se teñan satisfeito as responsabilidades cívicas (ou se decrete a imposibilidade de facer fronte a estas). A dita suspensión da pena de prisión non opera automaticamente, ten que concederse atendendo á perigosidade criminal do suxeito e á existencia doutros procedementos penais contra el.

3.5.2 *Pena de multa*: cunha extensión de oito a vinte e catro meses.

A pena de multa consiste na imposición dunha sanción pecuniaria. Segue o Código penal neste artigo o sistema denominado de días-multa. A duración da pena multiplícase por unha cota diaria que ten en consideración a situación económica do reo, deducida do seu patrimonio, ingresos, obrigas, cargas familiares e demais circunstancias persoais.

A cota diaria aplicable oscila entre un mínimo de dous euros e un máximo de vinte e catro.

A pena de multa ten evidentes vantaxes fronte á pena de prisión. En principio non afecta a liberdade das persoas (hai que facer unha matización, xa que hai que considerar a posibilidade da responsabilidade persoal subsidiaria en caso de non pagamento), non é prexudicial para a resocialización dos condenados e non supón un gasto para a Administración, senón todo o contrario, supón un ingreso.

3.5.3 *Inhabilitación especial para profesión ou oficio por tempo de un a tres anos*: cabe reiterar o xa sinalado respecto da obrigatoriedade de imposición desta pena.

3.6 Disposicións do Código penal que afectan a todos os delitos relativos á ordenación

do territorio e o urbanismo e á protección do patrimonio histórico e do medio ambiente

O Código penal prevé, nos seus artigos 338 a 340, tres disposicións de aplicación común aos delitos comprendidos no se título XVI, do libro segundo (delitos relativos á ordenación do territorio e o urbanismo, á protección do patrimonio histórico e do medio ambiente). Son as seguintes:

3.6.1 Tipo cualificado no caso de que a conduta realizada afecte a un espazo natural protexido.

O artigo 338 do Código penal establece que, se a conduta perpetrada afecta algún espazo natural protexido, imponse as penas superiores en grao ás previstas no tipo básico.

Polo tanto, nos casos de introdución ou liberación de especies de flora ou fauna non autóctona, contravindo as leis ou disposicións de carácter xeral protectoras das especies de flora ou fauna, nos que se prexudique o equilibrio biolóxico dun espazo natural protexido, as penas impositivas serían as de prisión de dous anos e un día a tres anos ou multa de vinte e catro meses e un día a trinta e seis meses e, en todo caso, inhabilitación especial para profesión ou oficio por tempo de tres anos e un día a catro anos e medio.

3.6.2 Tipo privilexiado: Reparación voluntaria do dano

No caso de que o culpable dos feitos procedese voluntariamente á reparación do dano causado, os xuíces e tribunais impondrán a pena inferior en grao á prevista para o tipo básico. Así se estipula no artigo 340 do Código penal.

Polo tanto, nun suposto de comisión dun

delito de introdución ou liberación de especies exóticas invasoras no que o autor procedese, de xeito voluntario, á reparación do dano causado, as penas impositivas serían as de prisión de dous meses a tres meses e vinte e nove días ou multa de catro a sete meses e vinte e nove días e, en todo caso, inhabilitación especial para profesión ou oficio por tempo de seis a once meses e vinte e nove días.

Consonte o artigo 71 do Código penal, no caso de que a pena que se imponse na sentenza sexa de prisión inferior a tres meses, esta pena será substituída (sen prexuízo de que proceda a suspensión da execución da pena de prisión) por multa, traballos en beneficio da comunidade ou localización permanente. Cada día de prisión se substituirá por unha

xornada de traballo ou por un día de localización permanente ou por dúas cotas de multa.



3.6.3 A restauración do equilibrio ecolóxico perturbado

O artigo 339 do Código penal

decreta que os xuíces e tribunais ordenarán a adopción, á custa do autor do feito, das medidas necesarias encamiñadas a restaurar o equilibrio ecolóxico perturbado, así como de calquera outra medida preventiva necesaria para a protección dos bens.

Trátase dunha medida de imposición obrigatoria. Con anterioridade á reforma operada pola Lei orgánica 5/2010, do 22 de xuño, a imposición por parte do xuíz de medidas de restauración do equilibrio ecolóxico perturbado tiña un carácter simplemente potestativo.

3.8 Supostos concursais

Pode formularse a existencia dunha situación concursal entre o delito de introdución de especies tipificado no artigo 333 do Código penal e o delito de contrabando. Segundo a

maioría doutrinal estaríamos ante un suposto de concurso de leis que habería que resolver aplicando o precepto penal mais grave.

4. Conclusión

Estamos ante unha norma de moi difícil aplicación práctica. Para que exista unha condena por infracción do artigo 333 do Código penal, deben darse unha serie de premisas:

- A liberación ou introdución de especies de fauna ou flora non autóctonas.
- A proba desa introdución ou liberación e do carácter non autóctono da especie.
- A produción do resultado esixido no tipo penal. É preciso que coa acción perpetrada se produza un prexuízo para o equilibrio biolóxico. Para que resulte afectado o equilibrio biolóxico e, sobre todo, para que poida ser percibido o prexuízo, requírese, normalmente, o paso dun certo período de tempo, o que dificultará a proba da comisión do delito. A diferenza do que acontece co artigo 332 do CP –artigo que protexe a flora ameazada–, no que se esixe a concorrencia dun prexuízo para o medio ambiente, o artigo 333 do CP require un prexuízo para o equilibrio biolóxico, termo máis específico e concreto que dificulta, unha vez máis, a aplicación práctica deste artigo.
- A actividade debe realizarse con infracción das normas administrativas: «contra- vindo as leis de disposicións xerais de carácter xeral protectoras das especies de flora ou fauna».
- Ha de existir carencia de autorización administrativa para a liberación ou introdución da especie foránea.
- Non se pode condenar penalmente no caso de actuacións simplemente negligentes ou culposas. É necesaria a concorrencia

«Cómpre lembrar que a defensa da natureza e do medio ambiente é un labor e unha obriga de todos»

de dolo, cando menos a existencia de dolo eventual (o suxeito activo non desexa que se cumpran os elementos obxectivos do tipo penal, pero represéntase na súa mente esa posibilidade, admite que pode acontecer e, aínda así, realiza o feito).

- O dolo ten que abarcar todos os elementos integrantes do tipo penal.

5. Ultílogo

Como necesario remate, cómpre lembrar ao lector que a defensa da natureza e do medio ambiente é un labor e unha obriga de todos.

Bibliografía

- BARRENA MEDINA, Ana María: *La protección de las especies silvestres. Especial tratamiento de la protección in situ*.
- FARALDO CABANA, Patricia: *Flora y Fauna (arts. 333, 334, 336, 337, 339 e 631) en Comentarios a la reforma penal de 2010*. Tirant lo Blanch, 2010
- FISCALÍA GENERAL DEL ESTADO: *Circular 7/2011*, do 16 de novembro.
- GARCÍA ÁLVAREZ, Pastora e LÓPEZ PEREGRÍN, Carmen: «Los delitos contra la flora, la fauna y los animales domésticos». *Revista Electrónica de Ciencia Penal y Criminología*.
- GÓMEZ TOMILLO, Manuel: *Comentarios al Código Penal*. Editorial Lex Nova.
- GUTIÉRREZ ROMERO, Francisco Manuel: *Delitos relativos a la protección de la flora y fauna en el nuevo Código penal: Análisis de los nuevos tipos delictivos*.
- SÁNCHEZ MAGARIÑOS, José Ramón: *El Río y el Código Penal*. MiguelPesca.



A formación continua durante o ano 2014, un dos piares do colexio con numerosos cursos e xornadas

Como cada ano, a formación continua foi un dos aspectos fundamentais da actividade no Colexio de Avogados de Santiago. Centos de colexiados e tamén profesionais alleos á institución asistiron aos cursos e xornadas, dos que facemos un resumo a continuación.

Xornada: Emprendedores e concurso de acredores

O 28 de xaneiro ofreceuse dende o salón de actos do Colexio de Avogados a xornada “Emprendedores e concurso de acredores”. A xornada, que foi retransmitida de forma telemática polo Consello Xeral da Avogacía Española, contou cos relatorios de Juana Pulgar Ezquerro (catedrática de Dereito Mercantil na UCM), Santiago Senent Martínez (maxistrado especialista en asuntos mercantís) e Matilde Cuenca Casas (profesora de Dereito Civil na UCM).

Xornada: Réxime especial do criterio de caixa no IVE

O 29 de xaneiro tivo lugar no salón de actos do Colexio a xornada “Réxime especial do criterio de caixa no IVE”, que foi impartida por Antonio López Díaz, catedrático de Dereito Financeiro e Tributario da USC.

Curso de mediación en asuntos civís e mercantís

O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela impartiu entre os meses de febreiro e marzo o “Curso de mediación en asuntos civís e mercantís”. O curso, cunha duración de 102 horas, combinou contidos teóricos, que foron seguidos a través da plataforma de teleformación do Consello da Avogacía Galega, e sesións prácticas que se levaron a cabo no salón de actos do Colexio de Avogados.

Xornadas sobre defensa penal

Os días 10 e 11 de febreiro o Colexio de Avogados ofreceu as “Xornadas sobre defensa penal”, retransmitidas de forma telemática dende a sede do Consello Xeral da Avogacía Española. Entre outros especialistas, as xornadas contaron cos relatorios de catro maxistrados do Tribunal Supremo.

Conferencia: Entrada e rexistro da Inspección tributaria no domicilio do contribuínte

O Colexio de Avogados ofreceu o 10 de abril unha conferencia baixo o título “Entrada e rexistro da Inspección tributaria no domicilio do contribuínte”, impartida por Rafael González del Río, avogado e asesor fiscal.

Xornada: A reforma da LAU 4/2013. Vantaxes e inconvenientes para arrendador e arrendatario

O 25 de abril tivo lugar no salón de actos do Colexio a xornada “A reforma da LAU 4/2013. Vantaxes e inconvenientes para arrendador e arrendatario”, a cargo de Daniel Loscertales Fuertes, avogado e director da editora xurídica Sepín.

Xornada: Dereito ao esquecemento na Internet

O Colexio de Avogados ofreceu a xornada “Dereito ao esquecemento na Internet”, que foi retransmitida por vía telemática dende a sede do Consello Xeral da Avogacía Española o 24 de xuño.

Curso de dereito penitenciario

O Colexio de Avogados, en colaboración con Cáritas Diocesana de Santiago, impartiu o “Curso de dereito penitenciario”. O curso levouse a cabo os xoves, do 23 de outubro ao 20 de novembro, e tiña como obxectivo formar os letrados interesados en formar parte dunha quenda voluntaria de asistencia a persoas internas no centro penitenciario de Teixeiro.

FESTIVIDADE DE SAN RAIMUNDO DE PEÑAFORT

O Colexio de Avogados de Santiago celebrou no 2014 e como cada ano a festividade de San Raimundo de Peñafort, cun programa de actos no que destacou a entrega das súas medallas anuais. No evento foron condecorados Manuel Hernández, Valentín García e a Fundación Down Compostela.

Máis de trescentas persoas e numerosas autoridades locais e autonómicas dos ámbitos xurídico, político e civil asistiron aos actos. Entre as autoridades presentes, figuraban o conselleiro de Educación da Xunta, Jesús Vázquez; o Valedor do Pobo, José Julio Fernández; o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), Miguel Ángel Cadenas; o fiscal superior de Galicia, Carlos Varela, e o director xeral de Xustiza, Juan José Martín.

A xunta directiva do Colexio de Avogados decidiu nesta ocasión que a medalla de ouro no apartado de «avogados»



Ricardo Ferrer, Juan Martínez, Valentín García e Manuel Hernández, no acto de San Raimundo 2014

recaese no exdecano do Colexio de Sabadell, Manuel Hernández, pola súa relación co colexio e a súa paixón por Santiago e ou seu Camiño, que xa o realizou preto de cincuenta ocasións. “Manuel foi un loitador infatigable contra as inxustas e por desgraza frecuentes leis atentadoras dos dereitos individuais e colectivos, e fíxoo falando claro, como sempre o fai, sen reservas e sen dobres lecturas”, afirmou o decano Evaristo Nogueira.

O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, tamén foi recoñecido polo seu labor como defensor e impulsor do uso do galego no Colexio de Avogados e no sector xudicial galego. “Persoa afable, mantivo e mantén un compromiso co Colexio de Avogados para conseguir un obxectivo lexítimo, que ademais a ninguén debe molestar,



Mesa de autoridades encargadas de entregar os premios durante a festividade do Colexio

que non é outro que o de procurar a paridade do uso do galego e do castelán na administración de xustiza, circunstancia esta que aínda non se produciu, pero para a que sen dúbida se están a forxar piares importantes”, asegurou Nogueira.

Protección da dignidade

Por outra banda, o Colexio de Avogados, distinguiu co seu IV Premio Dereitos Humanos o traballo que a Fundación Down Compostela desenvolve para mellorar as condicións e a calidade de vida das persoas con síndrome de Down. “O seu labor encamiñado á protección da dignidade das persoas con síndrome de Down, a súa integración na sociedade e a súa igualdade de oportunidades, debe ser recoñecido pola sociedade así como polas institucións”, apuntou o decano.

Á marxe destas distincións, recoñeceuse a traxectoria do avogado Ricardo Ferrer, que cumpriu corenta anos no exercicio da profesión e foi unha persoa clave durante anos na Escola de Práctica Xurídica. Por último, tivo lugar unha xura de novos letrados e letradas, antes de dar paso a unha cea de confraternización.



Vista xeral do salón nobre do Pazo de Fonseca da Universidade de Santiago durante o acto



Xunta de Goberno do Colexio de Avogados e outros asistentes a San Raimundo de Peñafort



O acto rematou coa xura dos novos letrados e letradas e unha cea de confraternización

ELECCIÓN Á XUNTA DE GOBERNO 17 de decembro de 2014

A Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela (en diante ICASC), na sesión do día 30.10.2014, tomou o acordo de convocar as eleccións para cubrir os cargos de deputado segundo, deputado terceiro, deputado quinto, tesoureiro e secretario desta Xunta de Goberno, consonte os criterios e a convocatoria que a seguir se presenta.

CONVOCATORIA

A partir da data desta sesión quedan convocadas as eleccións que terán lugar o 17 de decembro de 2014 ás 10.00 h na sala de xuntas do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela (ICASC), a teor do previsto nos artigos 66 e 67 e 76 a 83 do Estatuto do ICASC en relación cos artigos 48 e seguintes do Estatuto xeral da avogacía.

Os cargos electos son os de deputado segundo, deputado terceiro, deputado quinto, tesoureiro e secretario, por cesamento regulamentario de don Ramón Quintela Miramontes, dona Luísa Pasín Mato, don Timoteo J. Gutiérrez Valerio, don César Rúa Martínez e don Carlos J. García Cumplido, respectivamente.

Os devanditos cargos serán elixidos entre colexiados exercentes e residentes na demarcación do Colexio que, ao seren proclamados candidatos, acrediten as seguintes antigüidades mínimas de exercicio profesional:

- Para os cargos de secretario, tesoureiro e deputados segundo e terceiro: 5 anos
- Para o cargo de deputado quinto: 3 anos

Os candidatos non poderán estar incurso en ningunha das seguintes situacións:

- a) Estar condenados por sentenza firme que leve aparelada a inhabilitación ou suspensión para cargos públicos, en canto estas subsistan.
- b) Ter sido disciplinariamente sancionados en calquera colexio de avogados, mentres non sexan rehabilitados.
- c) Ser membros de órganos reitores doutro colexio profesional.

A elección realizarase por votación directa e secreta dos colexiados. A elección poderá realizarse mediante voto por correo, garantíndose a autenticidade e o seu segredo. O voto por correo axustarase ás seguintes normas:

«O colexiado que faga uso do seu dereito ao voto por correo, establecido nos Estatutos do ICASC, solicitará previamente, a partir da data da convocatoria e ata o décimo día anterior ao da votación (06.12.2014, ás 20.00 h, fin do prazo para solicitar o voto por correo), mediante unha instancia subscrita polo elector dirixida á Xunta de Goberno co fin de que se lle recoñeza a calidade de votante por correo. A antedita solicitude poderá efectuarse ben persoalmente na secretaría do ICASC, logo da acreditación da súa personalidade, ou ben mediante correo ordinario no que se remita unha fotocopia fidedigna do DNI ou do carné colexial.

Unha vez que a secretaría do ICASC reciba a solicitude, comprobarase a condición de colexiado e elector, efectuarase a anotación correspondente no censo co fin de que o día das eleccións non se realice o voto de forma persoal e, de ser o caso, expedirase o certificado de inscrición.

A secretaría do ICASC remitirá por correo certificado ao domicilio profesional do elector a seguinte documentación:

- certificación acreditativa da súa condición de colexiado e elector
- papeletas das distintas candidaturas
- sobre branco para as papeletas
- sobre grande, numerado e rotulado coa lenda "inclúe papeleta de voto por correo para as eleccións que se realizarán ..." e o enderezo do ICASC

Dentro do sobre grande numerado, o elector introducirá o certificado acreditativo da súa condición de colexiado-electo e o sobre branco, no que deberá introducir unicamente a papeleta de voto, ou ben o sobre baleiro se quere votar en branco.

A devandita documentación será remitida por correo certificado ao enderezo da mesa electoral que aparece impresa no sobre grande (Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, rúa de Eduardo Pondal, 4, baixo, 15702 Santiago de Compostela).

O voto por correo deberá ser recibido antes das 14.00 h do día anterior á celebración das eleccións (16.12.2014, ás 14.00 h).»

Terán dereito de sufraxio activo todos os colexiados incorporados con máis de tres meses de antelación á data de convocatoria das eleccións. (Artigo 77.1)

O voto dos colexiados exercentes terá valor dobre que o voto dos non exercentes. (Artigo 77.2)

Os trámites que se han seguir ata a celebración do acto electoral son os seguintes:

1º A convocatoria será anunciada con 30 días de antelación. A elección efectuarase o día sinalado (17.12.2012) entre as 10.00 e as 14.00 h en que se procederá ao peche das urnas e ao seu correspondente escrutinio.

Dentro dos cinco días seguintes á data da convocatoria electoral, a secretaría encargarse do seguinte:

a) Publicar no taboleiro de anuncios e na páxina web do ICASC e remitir por circular a convocatoria electoral (03.11.2014, publicación de convocatoria), na que deberán constar os seguintes extremos:

— Os cargos que han ser obxecto de elección e os requisitos tanto de antigüidade como de situación colexial esixidos para poder aspirar a cada un deles.

— O día e a hora da celebración do acto electoral e a hora en que se pecharán as urnas para dar comezo ao escrutinio.

b) Expor no taboleiro de anuncios do ICASC as listaxes separadas de colexiados exercentes e de non exercentes con dereito a voto (03.11.2014, exposición de listaxes censuais).

2º As candidaturas deberán presentarse na secretaría do ICASC, con 15 días de antelación, cando menos, á data sinalada para o acto electoral. As candidaturas presentadas deberán estar acompañadas dunha declaración xurada de non incorrer en ningunha das situacións recollidas no artigo 66.2 dos Estatutos do ICASC. (02.12.2014, ás 20.00 h, fin do prazo para presentar candidaturas)

As candidaturas poderán ser conxuntas para varios cargos ou individuais para cargos determinados e deberán ser subscritas exclusivamente polos propios candidatos.

Ningún colexiado poderá presentarse como candidato a máis dun cargo.

3º Os colexiados que desexaren formular reclamacións contra as listaxes de electores, haberán de presentalas dentro do prazo dos cinco días seguintes á súa exposición (do 4 ao 8 de novembro de 2014).

4º A Xunta de Goberno, no caso de existir reclamacións contra as listaxes, resolverá sobre elas dentro dos tres días seguintes á expiración do prazo para formulalas. A súa notificación seralle notificada a cada reclamante dentro dos dous días seguintes.

5º A Xunta de Goberno, ao día seguinte á finalización do prazo de presentación de candidaturas (03.12.2014), proclamará como candidatos aqueles que reúnan os requisitos legais esixibles e considerará electos aqueles que non teñan opoñentes.

6º A seguir, publicarao no taboleiro de anuncios e comunicarlle aos interesados, sen prexuízo de que o ICASC poida remitir tamén comunicacións individuais aos seus membros.

7º Todos os prazos sinalados computaranse por días naturais.

8º Para a celebración da elección, constituirase a mesa electoral. Esta mesa estará integrada polo secretario da Xunta de Goberno como presidente, auxiliado como mínimo por dous membros máis da propia Xunta, como vogais, dos que o máis moderno actuará como secretario. Cada candidato poderá, pola súa parte, designar de entre os colexiados un ou máis interventores para que o representen nas operacións da elección.

9º Na mesa electoral deberá haber unhas urnas separadas para o depósito dos votos dos colexiados exercentes e non exercentes. As urnas deberá estar pechadas, deixando unicamente unha abertura para depositar os votos.

10º Unha vez constituída a mesa electoral, o presidente indicará o comezo da votación e, á hora prevista para a súa finalización, pecharanse as portas e só poderán votar os colexiados que xa estivesen na sala. Os membros da mesa votarán en último lugar.

11º A elección terá de duración para o seu desenvolvemento o tempo fixado entre as 10.00 e as 14.00 h.

12º As papeletas de voto deberán ser brancas, do mesmo tamaño, editadas polo ICASC e deberán levar impresos por unha soa cara de forma correlativa os cargos a cuxa elección se procede.

13º Os candidatos poderán pola súa parte confeccionar papeletas, que deberán ser exactamente iguais ás editadas polo ICASC.

Na sede en que se celebren as eleccións, a Xunta deberá dispor do número suficiente de papeletas cos nomes dos candidatos en branco.

14º Os votantes deberán acreditar ante a Mesa Electoral a súa personalidade. A Mesa comprobará a súa inclusión no censo elaborado para as eleccións; o seu presidente pronunciará en voz alta o nome e os apelidos do votante e indicará que vota; deseguido, o presidente introducirá a papeleta na urna correspondente.

15º Logo de finalizar a votación, procederase ao escrutinio lendo en voz alta todas as papeletas.

Deberán ser declarados nulos totalmente aqueles votos que conteñan expresións alleas ao estrito contido da votación ou que conteñan riscaduras ou marcas escritas e, parcialmente, en canto ao cargo que afectase, as que indiquen máis dun candidato para un mesmo cargo, ou nomes de persoas que non concorran á elección. Aquelas papeletas que estean só parcialmente cubertas en canto ao número de candidatos, pero que reúnan os requisitos esixidos para a súa validez, serano para os cargos e as persoas correctamente expresados.

16º Unha vez finalizado o escrutinio, a presidencia anunciará o resultado e deseguido proclamará electos os candidatos que obtivesen o maior número de votos para cada cargo. No caso de empate, entenderase elixido o de maior tempo de exercicio no ICASC.

17º No prazo de cinco días dende a constitución dos órganos de goberno, esta seralles comunicada ao Consello Xeral da Avogacía Española, ao Consello da Avogacía Galega e á Dirección Xeral de Xustiza, indicando a súa composición e o cumprimento dos requisitos legais.

CALENDARIO ELECTORAL

30 de outubro de 2014	Convocatoria. Acordo da Xunta de Goberno.
3 de novembro de 2014	Publicación da convocatoria no taboleiro de anuncios e na páxina web: <ul style="list-style-type: none"> • Cargos obxecto de elección e requisito esixidos • Día e hora en que terá lugar o acto electoral • Listaxes separadas de colexiados/as exercentes e non exercentes
Do 4 ao 8 de novembro de 2014	Prazo para presentar reclamacións ás listaxes ou ao censo electoral
Do 10 ao 12 de novembro de 2014	Prazo para que a Xunta de Goberno resolva as posibles reclamacións ás listaxes ou ao censo electoral. A resolución notificarase dentro dos dous días seguintes.
2 de decembro de 2014 (20.00 h)	Remata o prazo para presentar candidaturas.
3 de decembro de 2014	<ul style="list-style-type: none"> • Proclamación de candidatos/as por parte da Xunta de Goberno. • Consideraranse electos/as os/as que non teñan opoñentes.
6 de decembro de 2014 (20:00 h)	Remata o prazo para solicitar o voto por correo.
16 de decembro de 2014 (14:00 h)	Remata o prazo para recibir o voto por correo.
17 de decembro de 2014 (de 10:00 a 14:00 h)	Acto electoral Celebración das eleccións Mesa electoral: sede do ICA de Santiago (rúa de Eduardo Pondal, 4)

Acordos da Xunta de Goberno

- **Incremento do IPC en normas de honorarios do 2009 para o 2014: 9,4 %.**

A Xunta de Goberno, na sesión do 21.01.2014, acordou fixar o incremento do IPC nun 9,4 % para as cantidades orientadoras dos Criterios de honorarios de 2009 que se apliquen ás minutas realizadas durante o ano 2014. Este incremento só será aplicable ás cantidades orientadoras que figuran a carón de cada norma; nunca á cantidade resultante de aplicar a escala tipo á contía do procedemento.

- **Creación do Servizo de Mediación**

A Xunta de Goberno, na sesión do 20.01.2014, ao abeiro do establecido na Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís e co obxectivo de impulsar a mediación no ámbito deste colexio de avogados, acordou o seguinte:

1. Constituír o Colexio como institución de mediación en asuntos civís e mercantís e crear o Servizo de Mediación do ICA de Santiago.
2. Crear un rexistro de mediadores para que todos os letrados coa capacitación correspondente nesta materia poidan solicitar a súa inclusión.
3. Aprobar as Normas reguladoras do Rexistro de Mediadores, o Regulamento do Servizo de Mediación do ICA de Santiago, así como os dereitos colexiais pola xestión e a administración do devandito servizo e a táboa de honorarios dos mediadores.

Novidades legislativas

- **Marxes de erro nos radares que controlan os límites de velocidade**

A lei de seguridade viaria non especifica marxes dos radares nin dos límites de velocidade, pero recórrese a outros regulamentos técnicos.

No caso dos radares, a DXT recorre á norma UNE 26444. Esta norma elaborada por AENOR en 1992 marca unha serie de especificacións técnicas, condicións de funcionamento e os erros máximos tolerados nos radares de medición de velocidade. Non obstante, existe outra norma, a ITC 3123/2010, unha instrución técnica complementaria do ano 2010, que regula o control metrolóxico dos radares destinados a medir a velocidade.

A norma UNE de 1992 establece unhas marxes de erro menores e a ITC unhas marxes maiores. En España, no caso de dúbida e ao coexistir varias normas, débese aplicar a máis recente e menos gravosa para o cidadán. Polo tanto, isto significa que hai que aplicar o regulamento de 2010, que é máis beneficioso ao recoller unha maior marxe de erro.

Seguindo esta mesma liña, a xurisprudencia determina que no caso de que non se inclúa no atestado inicial da sanción, ou en ampliación posterior, a marxe de erro do radar que deu lugar á sanción, ben porque sexa imposible indicalo ou ben porque non sexa posible o seu cálculo preciso, se utilizará a marxe máxima prevista na norma ITC 3123/2010.

Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

«O Colexio de Avogados de Santiago foi pioneiro no interese pola normalización lingüística e parece que vai abrindo camiño»

Medalla de Ouro na categoría de *Non Avogados* na festividade de San Raimundo de Peñafort 2014, Valentín García traballa desde o seu cargo “para cambiar hábitos e combater prexuízos, un dos problemas aos que nos enfrontamos cando queremos gañar terreo para unha lingua nun ámbito determinado”. Considera que o Colexio de Avogados de Santiago “está a servir de exemplo e de guía para os outros”.



Pregunta: É o sector da Xustiza especialmente complicado para chegar á normalización no uso do galego?

Resposta: Non é que sexa especialmente complicado no sentido de que os seus profesionais presenten máis resistencias ao avance do galego ca os doutros ámbitos, pero si que ten as súas especificidades. Dende o punto de vista histórico, é un dos sectores nos que se iniciou a penetración do castelán en Galicia e esta desgaleguización temperá repercutiu nunha maior profundidade dela.

Isto vese, por exemplo, en que hai vinte anos carecíamos dunha terminoloxía, dunha xerga de especialidade, axeitada aos tempos. Tivemos que construíla, baseándonos na documentación medieval e nas linguas do noso contorno, así como nas novas tendencias democráticas e simplificadoras que permitiron elaborar uns modelos e fórmulas de redacción máis claros e directos.

Dende unha perspectiva máis actual, o feito de que a Xustiza non sexa unha competencia plenamente transferida, coma a de Educación, por

exemplo, enfróntanos a retos específicos relacionados coa mobilidade de profesionais coma os xuíces e as esixencias en canto ao coñecemento do galego que se establecen no acceso á función pública, aspectos estes que repercuten no funcionamento cotián do sector.

P: Que pasos está dando actualmente Política Lingüística para seguir avanzando na normalización?

R: As liñas de traballo que desenvolvemos actualmente pasan por fornecer os profesionais do ámbito da Xustiza das ferramentas que necesitan para desenvolveren o seu traballo en galego con seguridade e ofrecerlle así o mellor servizo á cidadanía. Aí están, por exemplo, o persoal dedicado ao asesoramento lingüístico neste ámbito, o tradutor Gaio para persoal da Administración de Xustiza, o Dicionario Xurídico en liña, os modelos de documentación ou os manuais e mais os cursos de formación en linguaxe xurídica, presenciais ou en liña. Actualmente, a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades dependente da Secretaría, e en colaboración co Parlamento de Galicia, estamos desenvolvendo o proxecto Portal Xurídico de Galicia, que permitirá consultar toda a lexislación consolidada de Galicia en galego.

A este mesmo obxectivo responde a colaboración co Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, que posibilita, entre outras cousas, que os seus profesionais contan cun técnico que os asesore en cuestións lingüísticas e terminolóxicas. Grazas a este convenio, celébranse cada ano as Xornadas Xustiza e Lingua, que permiten avanzar na implicación dos profesionais do Dereito no proceso de normalización. O Colexio de Avogados de Santiago foi pioneiro no interese pola normalización lingüística e no establecemento de convenios de colaboración coa Secretaría e parece que vai abrindo camiño, pois, recentemente, a SXPL comezou a cooperar tamén co Colexio de Avogados de Ferrol.

“É verdade que no proceso de normalización non todos os sectores están no mesmo punto”

Por medio da nosa colaboración coa Irmandade Xurídica Galega, estase facendo un gran traballo por Galicia enteira de dinamización e fomento de actitudes favorables ao emprego do galego entre os profesionais da Xustiza. A partir da organización das súas sesións de irmandade, cóntanse por centos os operadores xurídicos de todo tipo que se comprometen a colaborar co fomento da nosa lingua dende os seus postos de traballo. Tamén unimos esforzos coa USC e, a través do programa Témoslle Lei, publicamos os *Termos esenciais de dereito*. Con ferramentas como bUSCatermos facilitamos e dámoslle fiabilidade á procura de termos específicos da linguaxe xurídica na rede.

P: O fiscal superior de Galicia, Carlos Varela, asegura que o sector da Xustiza vai con atraso con respecto a outros na normalización do galego, está de acordo?

R: É verdade que nese proceso de normalización non todos os sectores están no mesmo punto, entre outras cousas porque non todos partían do mesmo punto. No sector da cultura, por exemplo, víñase avanzando paseniño dende o século XIX e é, probablemente, onde máis se notan os logros. Iso non quere dicir que non houbera melloras na Xustiza. Para empezar, hoxe en día a cidadanía ten recoñecidos uns dereitos lingüísticos que hai só unhas décadas eran impensables. As leis amparan a quen queira declarar nun xuízo ou redactar un testamento válido en galego, por exemplo. Dende aí cómpre encamiñarse, tal e como recolle o Plan xeral de normalización da lingua galega, cara á oferta positiva; é dicir, que se informe a cidadanía de que pode usar o galego, pedir ou presentar documentos nesta lingua... en tribunais, notaría, rexistros, despachos de avogados e de procuradores... sen que iso lle supoña un custo engadido, nin en tempo, nin en cartos, nin, por suposto, en dereitos.

P: Como é a colaboración que manteñen dende a Secretaría co Colexio de Avogados de Santiago e en que liñas están a traballar?

“Para avanzar na normalización dunha lingua nun ámbito sempre é determinante a implicación dos profesionais”

R: A Secretaría Xeral de Política Lingüística e o Colexio de Avogados de Santiago manteñen dende hai anos un convenio de colaboración para, como en parte xa adiantei, facilitarlles asesoramento lingüístico e

terminolóxico, tamén en liña, aos profesionais colexiados e ao persoal do Colexio; fomentar o uso do galego na documentación, na comunicación interna e externa, nas campañas e no material divulgativo do Colexio; editar en lingua galega a revista Avogacía Compostelá, na que se inclúe unha sección con artigos de divulgación sobre normalización do galego e contidos de carácter formativo en relación á linguaxe xurídica; celebrar a xornada Xustiza e Lingua; desenvolver o proxecto “Formularios procesuais en lingua galega”; editar en galego a Guía Oficial do Colexio; realizar cursos de linguaxe xurídica ou contribuír ao mantemento da páxina web do Colexio.

P: Son todos os colexios de avogados que hai en Galicia iguais no intento de chegar a unha normalización do galego?

R: Oxalá o fosen. Como dixen antes, algo empezan a facer, e o Colexio de Avogados de Santiago está a servir de exemplo e de guía para os outros colexios.

P: Teñen que dar os propios profesionais da avogacía máis pasos para contribuír a que medre o uso do galego na Xustiza?

R: Para avanzar no proceso de normalización dunha lingua nun ámbito sempre é, non importante, senón absolutamente determinante, a implicación dos profesionais do sector. O que intenta a Secretaría Xeral de Política Lingüística é, por unha banda, mellorar as actitudes destes profesionais cara ao galego e, por outra, ofrecerlles todas as ferramentas legais, terminolóxicas, formativas, etcétera, para facilitarlles o uso do galego, pero, evidentemente, en última instancia o proceso está nas súas mans.

P: E os cidadáns? Polo que comentan os avogados, hai clientes que falan en galego pero cambian ao castelán cando están perante un xuíz.

R: Un dos problemas aos que nos enfrontamos cando queremos gañar terreo para unha lingua nun ámbito determinado é o de cambiar hábitos e combater prexuízos. E o hábito é que a Xustiza se desenvolva en castelán e o prexuízo é que o uso do galego vai xogar na nosa contra ante o xuíz. Cidadáns e avogados comparten este temor.

O primeiro deber dun avogado é defender os intereses do seu cliente e, se pensa que algo, por insignificante que sexa, pode actuar na súa contra, tenderá a evitalo. Cando un cidadán vai a xuízo, o que quere é gañar o xuízo, non promover a lingua propia de Galicia. Daquela, un avogado e un cliente que se relacionan entre si e cos compañeiros en galego, pasan ao castelán cando se trata de dirixirse, oralmente ou por escrito, a un xuíz.

A cuestión é se realmente o uso do galego prexudica o cliente. Eu estou seguro de que non, pero cómpre que haxa profesionais convencidos que opten por desenvolver a súa actividade en galego e demostralo na práctica e, por suposto, clientes que o acepten e mesmo que o demanden. Tamén, se cadra, xuíces que o fagan patente, e con isto volvemos á importancia da oferta positiva, de manifestarlle ao cidadán, antes de que o teña que preguntar ou mesmo de que dubide, que as súas palabras serán tan ben recibidas se as pronuncia ou escribe en galego como se as pronuncia ou escribe en castelán.

Que isto é un camiño longo, ben se ve na práctica diaria, pero xa comezamos a facelo e nos menos de 40 anos que levamos de democracia producíronse avances que hai décadas parecerían ciencia

“É de destacar a cooperación e boa sintonía que temos entre os responsables das políticas lingüísticas de Cataluña, Galicia e Euskadi”

ficción. Temos moito que facer e importantes retos por conseguir. Traballamos para que sexa posible.

P: Á marxe do traballo no sector xudicial, cales son os grandes obxectivos a curto e medio prazo da Secretaría Xeral de Política Lingüística?

R: Estamos traballando moito no fomento do uso do galego nas idades máis novas. É na infancia cando máis fácil é adquirir competencia nunha lingua e cando é máis doado revertir os prexuízos e condicionantes para o seu emprego. A transmisión interxeracional tamén é un factor moi importante. Temos que falarlles galego aos pequenos/as da casa. Son xa demasiadas as xeracións de galegofalantes que cambiaron ao castelán para comunicarse cos seus fillos e fillas. Outra parte importante do noso labor reside na implicación das distintas administracións e todo tipo de entidades no proceso normalizador. A co-responsabilidade e a diversificación no deseño, planificación e execución de actividades de fomento do idioma propio son fundamentais á hora de impulsar todo o proceso conducente a darlle normalidade ao galego. Para isto creamos a Rede de Dinamización Lingüística, que conta xa con máis de 150 entidades –entre as que se atopa o Colexio de Avogados de Santiago– e que supuxo un importante logro na planificación e extensión da acción normalizadora por todo o país.

Outras moitas actuacións están encamiñadas a sectores fundamentais como son o ensino ou a cultura. Tamén lle estamos a dar moita importancia a ámbitos nos que –ao igual que na Xustiza– o galego ten que gañar espazos importantes,



«Estamos traballando moito no fomento do uso do galego nas idades máis novas»

como as tecnoloxías da información e da comunicación, internet e redes sociais, empresa, comercio, medicina, deporte e lecer etc. Nada nos é alleo.

P: Que balance fai dos seus dous primeiros anos como secretario xeral de Política Lingüística?

R: Un balance positivo. Despois dun traballo moi intenso e nunhas condicións económicas moi complicadas, estamos a demostrar que, aínda que a política lingüística, coma todas as políticas, depende dos medios que haxa para facela, tamén depende en gran medida da suma de

vontades e de boas actitudes, que non se compran con cartos. Para chegar a elas hai que ser sensibles, sensatos, coherentes e constantes. Só así acadaremos o gran obxectivo, que é convencer. Eu teño moi claro que fai máis quen quere ca quen pode. Niso estamos.

P: En comparación con comunidades como o País Vasco e Cataluña, está Galicia mellor ou peor no proceso de normalización do galego?

R: As tres son realidades sociolingüísticas distintas. En Galicia temos a maior taxa de falantes da lingua propia das tres comunidades e a nosa poboación identifícase inmediatamente co noso idioma, mesmo os que non o falan habitualmente.

Nos tres lugares referidos se levaron a cabo iniciativas de distinta natureza, tamén con resultados diversos. O éuscaro é unha lingua de aprendizaxe bastante máis complexa partindo do castelán ca o galego ou o catalán, pero a boa disposición da poboación fai que estean conseguindo bos resultados. Cataluña é unha comunidade

Ao pé da letra

moito máis extensa e poboada ca as outras dúas, cunha gran compoñente de poboación inmigrante á que se lle dan moitas facilidades para aprender catalán, aínda que logo non sexa tan fácil cambiarlle os seus hábitos lingüísticos.

Nas tres linguas se fixeron avances moi importantes, cos que hai tres décadas sería difícil contar. Tamén é de destacar a cooperación e boa sintonía que temos entre os responsables das políticas lingüísticas de Cataluña, Galicia e Euskadi, o que nos fai aproveitar experiencias comúns.



Grazas ao convenio asinado coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, o ICA de Santiago imparte a materia de Linguaxe Xurídica Galega na Escola de Práctica Xurídica de Santiago

CUESTIONARIO PERSOAL

- **Campo ou cidade?** Campo
- **Un lugar de Galicia:** A Praza do Obradoiro
- **Un libro:** *A esmorga*
- **Unha comida:** Mexillóns ao vapor
- **E para beber?** Viño
- **Unha frase:** Eu son Balbino, un rapaz da aldea
- **Un personaxe histórico:** Cristovo Colón
- **Un sinónimo de Galicia:** Plenitude
- **Unha película:** *Teño dúas: Sempre Xonxa e Vilamor*
- **Unha canción:** «Alalá das Mariñas»
- **Un desexo:** Paz
- **Un vicio confesable:** Bañarme no río

Leira,
terreo, soar
predio...?

Soma nota!



En galego usamos as formas **leira** ou **terreo** co valor “terreo destinado ao cultivo”. Co significado de “terreo destinado á construción” podemos usar **soar** (cast. **solar**) ou **terreo edificable**. É incorrecto o uso da forma castelá ***finca**.

**A finca leva anos sen dar froito. > A leira leva anos sen dar froito.*

**Construíu a casa nunha finca soleada. > Construíu a casa nun soar soleado.*

O campo semántico das voces anteriores pode confluír nalgúns contextos coa forma **predio** “terra ou posesión inmoble”.

No inventario constan os seguintes predios: dous soares, oito leiras e dúas vivendas.





O Colexio de Avogados de Santiago, un ano nas redes sociais e xa conta con case setecentos seguidores en Twitter e Facebook

O Colexio de Avogados de Santiago cumpre un ano cos seus perfís oficiais en Twitter e Facebook. Coa nosa presenza nas redes sociais, pretendemos formar unha comunidade virtual para mantervos informados da actualidade do Colexio de Avogados e do sector da xustiza en xeral.

A mediados do pasado mes de novembro, o perfil en Twitter contaba con 455 seguidores, o que xa sitúa o Colexio de Avogados entre os 25 primeiros de toda España. A práctica totalidade dos 83 colexios de avogados contan xa cun perfil en Twitter. En Facebook, o número de followers era de 215.

O usuario en Twitter é @icacompostela e o titular da conta é Avogacía Compostelá. En Facebook, o titular é o mesmo, aínda que tamén podeades atopalo como a Páxina oficial en Facebook do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela. Hai un acceso a ambas as páxinas desde a web de ICA Santiago.

Os perfís nas redes sociais do Colexio actualízanse con informacións da nosa institución, da avogacía española e todas aquelas que teñen que ver dunha ou outra maneira coa nosa profesión. Invitámosvos a participar e a manter un diálogo activo.



O Colexio de Avogados de Santiago posicionouse durante os últimos meses en contra dos cambios no mapa xudicial que suxeriu o ex-ministro Alberto Ruiz-Gallardón, deixando claro que sería un grave retroceso para a cidade.

En diferentes aparicións, os avogados da capital gallega continuaron a súa loita contra as taxas xudiciais e outras normas que poñen en risco a tutela xudicial efectiva. Os medios de comunicación recolleron tamén a asistencia da xunta de goberno do colexio á manifestación de avogados do pasado 24 de xullo en Madrid.

Á marxe destes temas, tiveron repercusión outros acontecementos, como a festividade de San Raimundo de Peñafort, que no ano 2014 serviu para premiar a traxectoria de Manuel Hernández, Valentín García e Down Compostela.

europa press

La Abogacía de Santiago llama a la "corporación municipal" y a toda la capital gallega "en defensa del partido judicial"

La Voz de Galicia.es

Evaristo Nogueira pide que toda la sociedad defienda el partido judicial ante la nueva ley

elCorreoGallego.es

Evaristo Nogueira: "El ciudadano medio no puede acceder a la Justicia por motivos económicos"

20 minutos.es

Los abogados de Santiago ven "grave y preocupante" la falta de seguridad en los juzgados tras el robo de una caja fuerte

laopinioncoruña.es

Los abogados de Santiago demandan al nuevo ministro de Justicia que elimine las tasas

YAHOO! FINANCE

Evaristo Nogueira: "Perder el partido judicial significaría un retroceso de más de cuarenta años para Santiago"

La Región

La Abogacía de Santiago participó en la concentración de los 83 colegios de abogados en Madrid "en defensa de los derechos de los ciudadanos y la tutela judicial efectiva"


Atlántico

La Abogacía de Santiago entrega sus medallas de Oro y ratifica su compromiso en la lucha contra leyes que "vulneran principios fundamentais da cidadanía"

Radio Obradoiro

Evaristo Nogueira: "La justicia está abandonada porque no vende, no capta votos"

UN POUCO DE HISTORIA DO ICA SANTIAGO



Estas dúas imaxes mostran a diferenza entre unha convocatoria do ICA Santiago para unha xunta xeral celebrada a finais do século XIX e as que enviamos agora mesmo a todos os colexiados



O Colexio de Avogados de Santiago

deséxavos un Feliz Nadal

e un próspero ano 2015!



El Nuevo Peugeot 308 elegido
COCHE DEL AÑO 2014
 en Europa "Car of the year"



308 SW
 desde 17.850€



308
 desde 15.600€



NUEVO PEUGEOT 508
 CONQUISTA LA CARRETERA

desde 23.920€



508 RXH
 HÍBRIDO DIÉSEL 200cv | desde 36.970€



508 SW
 desde 25.020€



DIMONORTE

9000 m2
 a su disposición

SERVICIOS DISPONIBLES

Taller, Recambios,
 Taller Servicio Rápido, Preitv gratuita,
 Chapa y Pintura, Chapa Rápida,
 Vehículos Nuevos y de Ocasión,
 vehículos de Ocasión Multimarca,
 Vehículos Comerciales, Renting.



DIMONORTE

CONCESIONARIO PEUGEOT PARA SANTIAGO y las comarcas
 de A BACARLA, SANTIAGO, SAR, NOIA Y BARBANZA

Milladoiro - SANTIAGO

981 52 16 00

www.dimonorte.com